



ANPA A Ferradura- CEIP PIO XII

R. Poza de Bar, s/n

15706 - Santiago de Compostela

Tfno...: 881.866.457-
699.973.596

NIF: G15310667

Prezadas familias,

Dende a ANPA estamos interesados en desenvolver novas liñas de acción que redunden en beneficio das familias que integran esta asociación. Con este fin estamos explorando a posibilidade de establecer acordos con integrantes do tecido do comercio local, cos que tratar de alcanzar acordos comerciais.

Neste senso, gustaríanos convidar a unha xuntanza a aquelas familias que posúen algún tipo de negocio en Compostela de cara a definir acordos para o establecemento de ofertas comerciais para as persoas socias da ANPA. Como contra prestación, os negocios cos que alcanzásemos acordos contaría cun espazo na páxina web a modo de 'Empresas colaboradoras'.

Para comentar estas cuestións e todas as posibles dúbidas que puideran xurdir, gustaríanos convidarvos a unha xuntanza o 24 de Abril ás 16:30h no salón de actos do Colexio Pio XII. Igualmente, os negocios que non puideran acudir pero que teñan interese nesta cuestións poden comunicarse a través do correo electrónico: anpaferradura@gmail.com

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2024

Borja Suárez Fuentes
Presidente da Anpa